



MUTUA



RECORDATORIO COMPENSACIÓN DE GASTOS, DE ASISTENCIA SANITARIA EN MUTUA

Normativa aplicable, Orde TIN 971/2009 de 16 de Abril

En Vigo, a 10 de Xullo do 2022

GASTOS CON DEREITO A COMPENSACIÓN:

Continxencias profesionais: Todos os gastos de transporte derivados de desprazamentos, para recibir calquera asistencia sanitaria (consulta, curas, rehabilitación, etc).

Continxencias Comúns: Unicamente os gastos de transporte derivados de comparecencias a consultas de control e seguimento exixidas polas Mutuas.

Tamén será obxecto de compensación os gastos de transporte por comparecencias ao INSS (Instituto Nacional da Seguridade Social)

MEDIOS DE TRANSPORTE AUTORIZADOS CON DEREITO A COMPENSACIÓN:

No caso de desprazamento dentro da localidade, xa sexa por continxencia profesional ou de controis por enfermidade común, o desprazamento será sempre salvo autorización por escrito previa, considerado o transporte publico colectivo de ser posible.

Nos casos que o desprazamento sexan dende fora da localidade, poderá escollerse utilizar o transporte publico colectivo. (Autobús, tren, etc.), ou o transporte privado, sen necesidade de autorización previa.

No caso que a persoa doente, teña limitacións de mobilidade, poderá autorizarse outro tipo de transportes como o taxi, ou incluso aboar o transporte de acompañantes, sempre que sexa necesario axuda para un desprazamento, con autorización previa da Mutua.

IMPORTE DE COMPENSACIÓN:

- No caso que se utilice o transporte publico a compensación cubrirá o importe total dos billetes, e se aboara logo da presentación do xustificante de pago (billete ou factura).
- No caso de transporte particular, aboarase por quilometraxe a razón de 0.19€/qm.

CADUCIDADE:

O dereito a ser compensados os gastos de transporte, caduca ao ano natural de haberse producido o feito (Art. 54 TRLGSS).

Se tes dúbidas, contacta coa CUT

CUT SINDICALISMO NECESARIO

